



LISTA DE ASISTENTES

Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pídre, José
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Durany Castrillo, José
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fandiño Alonso, Xaime
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco
 Gil Villanueva, José M^a
 González Piñeiro, Luis
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Legido Soto, José Luis
 Martínez Cobas, Xavier
 Mato De La Iglesia, Salustiano
 Membiela Iglesia, Pedro
 Pita Grandal, Ana M^a
 Pousada Carballo, José M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel
 Rubiños López, J. Óscar
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Suárez Creo, Juan
 Surís Regueiro, Juan
 Troncoso Durán, Dolores
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
 Vázquez López, Ezequiel M.
DESCULPA A ASISTENCIA:
 Costas González, Xosé Henrique

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 21 de xullo de dous mil catro, convocada para as 11:00 horas en primeira convocatoria e as 11:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O mércores, día 21 de xullo de 2004, ás 11:40 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 17-06-04.
2. Informe do reitor.
3. Asuntos de profesorado:
 - Solicitud de comisión de servizo.
 - Convocatoria de concurso de acceso entre habilitados.
4. Aprobación, se procede, das materias obxecto de validación pendentes entre os estudos universitarios de primeiro ciclo e os ciclos superiores de formación profesional.
5. Autorización ao reitor, se procede, para a resolución da cesión e a reversión á Universidade de Vigo do edificio Miralles.
6. Aprobación, se procede, da aplicación de remanentes de libre disposición.
7. Aprobación, se procede, da proposta sobre o persoal laboral ao que fai referencia a Disposición transitoria cuarta do primeiro convenio colectivo da Universidade de Vigo.
8. Aprobación, se procede, das seguintes direccións de área:
 - Dirección da Estación de Ciencias Mariñas.
 - Dirección dos Servizos Xerais de Investigación do Campus de Ourense.
9. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Bioloxía.
10. Aprobación, se procede, da modificación do apartado 10.1.2, caso 1 das Normas de xestión académica.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración en xestión académica entre as Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo – Prórroga do convenio entre a Universidade de Vigo e a Universidade Federal de Viçosa – Renovación do acordo marco entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Costa Rica – Convenio xeral entre a Universidade Simón Bolívar e a Universidade de Vigo – Convenio de cooperación internacional entre a Cooperativa de ensino superior artístico de Porto/Escola superior do Porto (Portugal) e a Universidade de Vigo e Proxecto específico para a impartición do curso de doutoramento: “Modos de coñecemento na práctica artística contemporánea”.

12. Facultar ao reitor, se procede, para que en nome do Consello de Goberno, eleve ao Consello Social a proposta sobre asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos docentes e investigadores correspondentes á convocatoria de 28 de abril de 2004 (DOG de 5 de maio de 2004).
13. Rogos e preguntas.

Punto 1: Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 17-06-04.

Apróbase por asentimento.

Punto 2: Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- Da baixa de D. Manuel Gutiérrez Nieto como membro do Consello de Goberno por cesar como Director da E.U. de Fisioterapia.

- Da invitación a intervir no punto 4 ao Decano da Facultade de ciencias empresariais de Ourense.

- Da formulación dun recurso de inconstitucionalidade por parte da Universidade de Vigo en relación coa sentenza do Tribunal superior de Xustiza de Galicia sobre a anulación da convocatoria das Cátedras de I+D. Así mesmo sinala que as persoas afectadas directamente están traballando na súa defensa xurídica.

- Non hai máis noticias en relación co financiamento desde o anterior Consello de Goberno.

- En relación co Ministerio de Educación e ciencia non hai nada que informar, xa que a xuntanza do Consello de Coordinación universitaria, que estaba convocada para o día 20, trasladárona para o día 28. Unicamente adiantar que con seguridade antes de decembro estarán publicados os decretos relacionados co espacio europeo.

- Do encontro de investigadores da comunidade autónoma co presidente de Goberno que tivo lugar na nosa universidade o día 8 de xullo, e no que o presidente se comprometeu a aumentar o presuposto para investigación nun 25%.

- Da invitación para o luns día 19 de xullo ao arquitecto Paulo Mendes da Rocha para explicar as súas ideas a toda a comunidade universitaria. Roga que si alguén que non puido asistir ten algunha idea ou comentario sobre o proxecto, o faga chegar entre xullo e setembro.

- Da próxima sinatura de dous convenios importantes para a Universidade de Vigo coas Consellarías de Cultura, comunicación social e turismo e a de Innovación, industria e comercio, relacionados co proxecto Torga.net, xa que cobren o 30% restante da subvención (a subvención europea cubría o 70%).

- En relación cos escritos enviados por T.E.U. co título de Doutor aos reitores e nos que solicitan dispor dunha vía para pasar a T.U. diferente da habilitación, indica que lles aconsellaría que é mellor esperar dous meses a coñecer a modificación que está prevista para o proceso de habilitación, e considera que é bo que este escrito se poña en coñecemento da comisión que leve a cabo o devandito proceso de modificación.

Punto 3: Asuntos de profesorado:

- Solicitud de comisión de servizo.
- Convocatoria de concurso de acceso entre habilitados.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa da solicitude da comisión de servizo para o curso 2004/05 da profesora do Departamento de economía aplicada (X06) Dona Pilar Abad Romero na Universidade de Barcelona.

Apróbase por asentimento.

O segundo tema é a convocatoria á concurso de acceso entre habilitados dunha praza de Titular de Universidade para o campus de Pontevedra Área 505 (Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría) correspondente ao Departamento T06 (Enxeñería dos recursos naturais e medio ambiente), e na que se inclúe a proposta do tribunal titular e suplente (Anexo I).

O profesor Legido pregunta cales son os criterios vixentes para a definición do perfil e se o que figura na documentación responde a algunha materia da Universidade de Vigo.

A vicerreitora de organización académica e profesorado di que pode ser calquera materia do plano de estudos e o que figura na solicitude corresponde a dúas materias da titulación de Enxeñería técnica forestal.

Apróbase por asentimento.

Punto 4: Aprobación, se procede, das materias obxecto de validación pendentes entre os estudos universitarios de primeiro ciclo e os ciclos superiores de formación profesional.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa da proposta aprobada pola COAP que tivo lugar esta mesma mañá antes do Consello de Goberno e que puxo a disposición dos membros do Consello de Goberno.

Había dous temas pendentes:

- As materias obxecto de validación nos estudos das dúas enxeñerías técnicas de Telecomunicación (especialidade Son e imaxe e Sistemas da telecomunicación) cos técnicos superiores de F.P. e das que o centro enviou unha proposta que a COAP informou favorablemente.

Apróbase por asentimento (Anexo II).

- O segundo tema eran as materias obxecto de validación nos estudos da Diplomatura de ciencias empresariais do campus de Ourense e a do campus de

Vigo. O encargo do anterior Consello de Goberno era intentar que os dous centros chegasen ao acordo dunha proposta común e, no caso contrario, o equipo de goberno traería unha proposta a este Consello de Goberno.

A vicerreitora informa de que se fixo o encargo, pero as posturas de ambos centros non cambiaron e por iso trae unha proposta a este Consello de Goberno que foi elaborada pola COAP e que é a seguinte:

Valídanse en ambos centros e para todos os ciclos os 20.5 créditos de libre elección.

En ambos centros valídanse as seguintes materias:

- a) Nos ciclos *Xestión Comercial e Márketing, Comercio Internacional e Secretariado* válidase **“Idioma Empresarial Comercial I” (OB. 4.5 cr.)**.
- b) No ciclo *Secretariado* válidase **“Introducción ao dereito empresarial” (T-4.5 cr.)**.
- c) No ciclo *Administración e Finanzas* **“Contabilidade Financeira” (T-12 cr.)** (Ourense). En Vigo correspóndese con **“Contabilidade Financeira I” (T-12 cr.)**.

Na Diplomatura do campus de Ourense valídanse as seguintes materias:

- d) No ciclo *Xestión Comercial e Márketing* **“Dirección Comercial II” (T-4.5 cr.)**.
No ciclo *Administración e Finanzas* **“Dirección Comercial I” (T-4.5 cr.)**.
- e) Nos cinco ciclos a materia **“Ofimática, Técnicas Informáticas Administrativas” (O.X. 4.5 cr.)**.
- f) No ciclo *Administración e Finanzas* válidase **“Auditoría da Empresa” (OP-O 4.5 cr.)**.
- g) No ciclo *Administración e Finanzas* **“Creación e Viabilidade de Empresas” (OP-O 4.5 cr.)**.

O profesor Sánchez Bello, director a E.U. de ciencias empresariais de Vigo di que no seu centro traballouse no tema, pero a conclusión final foi a de ratificación da proposta inicial de validar soamente os créditos de libre elección. Di que lle sorprende que persoas dun mesmo Departamento opinen de xeito diferente nos dous centros. A nivel informativo di que no convenio asinado pola Universidade de Santiago de Compostela a mesma titulación que pertence ao campus de Lugo, non valida ningún crédito e na mesma titulación da Universidade da Coruña, soamente validan os créditos de libre elección e algunha optativa, pero ningunha troncal.

O reitor opina que esta proposta da COAP vai no mesmo sentido que o que se pretende dentro do espazo europeo e cre que favorecerá incluso a incorporación de estudantes á nosa universidade.

O profesor Cid coincide con esta opinión, pero suxire que se interceda coas Consellarías do ámbito social para que eses ciclos formativos superiores complementen o espazo laboral da educación social, pero que non ocupen espazos tradicionalmente cubertos por pedagogos e educadores sociais.

O reitor di que toma nota desta suxestión e se compromete a falar coa Consellaría.

Sométese a votación a proposta da COAP sobre estas validacións:

votos a favor.....	29
votos en contra	1
abstencións.....	0

Apróbase a proposta da COAP (Anexo II).

Punto 5: Autorización ao reitor, se procede, para a resolución da cesión e a reversión á Universidade de Vigo do edificio Miralles.

O vicerreitor de planificación informa de que ao longo do ano 2003 tivo lugar o movemento de servizos ao campus universitario, foise ocupando o Reitorado I e o edificio Miralles, aínda que en principio pensábase que esta última sería unha ocupación provisional, sen embargo a realidade actual é que esa ocupación vai ser definitiva. Recentemente asignáronse espazos a 11 asociacións estudiantís e é lóxico pensar que esto se expanda no futuro. Por estes motivos e tendo en conta que a ese edificio lle foi concedido fai un mes o premio FAD de arquitectura, consideramos que debería pasar a ser patrimonio da universidade.

Trátase dunha operación de reversión por parte de CUSA da cesión do terreo á universidade e o pagamento por parte desta última a CUSA de 2.5 millóns de € deseñado en 5 anos (que foi o custo real do edificio no seu día):

ano 2004.....	750.000 €
anos 2005, 2006, 2007 e 2008	437.000 €

Finalmente indica que o que se pide neste punto é que se lle conceda ao reitor a autorización para que inicie o expediente que se levará a cabo segundo indiquen os servizos.

Intervén o profesor Legido para recordar que a postura de Nova Universidade sobre a Sociedade Anónima é coñecida por todos os membros do Consello de Goberno. Di que a idea de que o edificio pase á universidade lle parece ben, pero que non entende ben o porqué, xa que se o motivo é a expansión eso significa que o Reitorado II se vai atrasar e ademais pregunta se xa se ten decidido o que se vai facer co antigo reitorado. Cre que o uso que se lle vai dar a ese edificio non é o idóneo, polo que considera que non estivo ben planificado. Así mesmo pregunta se soamente se paga o custo real ou se inclúen os intereses do crédito con que se fixo. Finalmente pregunta con qué se queda agora CUSA.

O vicerreitor de planificación contesta á última pregunta sinalando que CUSA queda coa zoa comercial e cos servizos deportivos. Así mesmo indica que esta adquisición non ten nada que ver coas obras do Reitorado II, obras que están a punto de iniciarse e que se espera estean rematadas en ano e medio. En relación co antigo Reitorado di que se lle sigue dando uso para cousas que fagan falta, non se utilizará desde un punto de vista executivo e administrativo, pero é un edificio de uso propio da universidade e iráselle dando a utilidade segundo vaia xurdindo.

Intervén o profesor Durany para dicir que se alegra de ter apoiado no seu día Cidade Universitaria porque así nestes momentos podemos estar falando do edificio Miralles, xa que sen CUSA este edificio non existiría. Está completamente de acordo con que ese edificio sexa da universidade.

Intervén de novo o profesor Legido para insistir en que non está de acordo con que fora unha boa idea a construción dese edificio, xa que agora temos que adaptarnos ao que hai e considera que non é o máis axeitado para usos da universidade e cre que é moi caro para o uso que vai ter. Insiste en que se debería manter o Reitorado antigo porque é o noso referente na cidade de Vigo.

O reitor di que segundo a información que lle chega desde a comunicade universitaria, o traslado dos servizos ao campus foi moi positivo e cre que o antigo edificio do Reitorado debe seguir prestando servizo. Aclara que se este Consello de Goberno da a autorización que se sinala na orde do día, isto leva consigo un compromiso que abarca 5 anos e que para este ano implicaría os 750.000 € que van no punto seguinte como importe para incorporar remanente de libre disposición, e nos catro seguintes, como xa se dixo ao principio, serán 437.000 €/ano (en total 2.5 millóns de €).

Non habendo máis intervencións sométese o punto a votación:

votos a favor da autorización ao reitor para a resolución da cesión e reversión á Universidade de Vigo do edificio Miralles.....	25
votos en contra.....	2
abstencións.....	1

Queda aprobada a devandita autorización.

Punto 6: Aprobación, se procede, da aplicación de remanentes de libre disposición.

Sométese o punto a votación:

votos a favor da aprobación da aplicación de remanentes de libre disposición	22
votos en contra.....	2
abstencións.....	1

Apróbase (Anexo III).

Punto 7: Aprobación, se procede, da proposta sobre o persoal laboral ao que fai referencia a Disposición transitoria cuarta do primeiro convenio colectivo da Universidade de Vigo.

O Sr. Graña, xerente en funcións, informa de que esta proposta era un compromiso do xerente no último Consello de Goberno, e segundo informe do secretario do comité intercentros, foi aprobada polo devandito comité na sesión do día 15 de xullo.

Apróbase por asentimento (Anexo IV).

- Punto 8:** Aprobación, se procede, das seguintes direccións de área:
- Dirección da Estación de Ciencias Mariñas.
 - Dirección dos Servizos Xerais de Investigación do Campus de Ourense.

O vicerreitor de investigación informa da necesidade da creación destas novas áreas e propón o cambio do nome da segunda polo de “Dirección do centro de investigación, transferencia e innovación (CITI) do campus universitario de Ourense”.

Apróbanse por asentimento.

- Punto 9:** Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Bioloxía.

Apróbase por asentimento.

- Punto 10:** Aprobación, se procede, da modificación do apartado 10.1.2, caso 1 das Normas de xestión académica.

Apróbase por asentimento (Anexo V).

- Punto 11:** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración en xestión académica entre as Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo – Prórroga do convenio entre a Universidade de Vigo e a Universidade Federal de Viçosa – Renovación do acordo marco entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Costa Rica – Convenio xeral entre a Universidade Simón Bolívar e a Universidade de Vigo – Convenio de cooperación internacional entre a Cooperativa de ensino superior artístico de Porto/Escola superior do Porto (Portugal) e a Universidade de Vigo e Proxecto específico para a impartición do curso de doutoramento: “Modos de coñecemento na práctica artística contemporánea”.

A secretaria xeral informa sobre a necesidade de modificar o convenio de colaboración en xestión académica asinado polas tres universidades no ano 1997 (que quedou obsoleto), polo que se propón esta nova redacción que está consensuada polas tres universidades (Anexo VI).

Así mesmo informa de que o resto dos convenios están informados favorablemente polos servizos pertinentes.

Apróbanse por asentimento.

- Punto 12:** Facultar ao reitor, se procede, para que en nome do Consello de Goberno, eleve ao Consello Social a proposta sobre asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos docentes e investigadores correspondentes á convocatoria de 28 de abril de 2004 (DOG de 5 de maio de 2004).

O reitor informa de que a aprobación deste punto facúltao para que en canto chegue a proposta sobre asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos docentes e investigadores procedente da ACSUG, tramítala ao Consello Social para a súa aprobación, axilizando así todo o que depende da nosa parte.

Apróbase por asentimento

Punto 13: Rogos e preguntas.

O profesor Ramos pregunta polo estado dos regulamentos que están elaborando as comisións do Claustro e cándoo está previsto celebrar o próximo Claustro.

O reitor comprométese a traer información do traballo das comisións no Consello de Goberno a celebrar en setembro. Sobre o próximo Claustro di que a idea é deixalo para a primeira semana de outubro para esperar a que se incorporen os estudantes, xa que hai que facer varias eleccións nas que son eles os principais protagonistas.

Finalmente o profesor Ramos fai un rogo en nome do profesor Tojo que está ausente, no que solicita se lle faga chegar un listado dos procesos xurídicos nos que estivo implicada a Universidade de Vigo nos últimos 4 anos.

O profesor Durany pregunta, en relación ao último concurso de profesorado que saíu polo procedemento de urxencia, se non hai lexislación vixente que lle afecte e pola cal implicaría o remate de todos os contratos a data 30 de setembro de 2005.

A vicerreitora de organización académica e profesorado di que os anteriores concursos tamén saíron así e non houbo problemas, de todos os xeitos soamente afectaría ás prazas de Axudante, e comprométese a facer as consultas oportunas.

O reitor di que en todo caso sempre se podería facer unha prórroga do contrato como a dos asociados.

O profesor Surís roga que se investigue que pasa coa documentación de Consello de Goberno, xa que fai 5 convocatorias que non lle chega.

Así mesmo pregunta, en relación coa visita do Presidente de Goberno, cales foron os criterios utilizados para a articulación desta visita e por qué non se comunicou oficialmente.

O reitor responde que non foi unha visita institucional á Universidade de Vigo senón unha reunión do Presidente do Goberno con un conxunto de investigadores da comunidade autónoma.

En relación aos criterios, informa de que se trataba de que houbo unha representación de toda a investigación de Galicia nun número de aproximadamente 100 persoas, polo que conxugáronse os seguintes aspectos:

- Representación das 3 universidades e de todos os centros de investigación.
- Pedíronse as listas de investigadores principais de grupos de excelencia á Xunta e completouse con centros tecnolóxicos.
- Dos grupos consolidados buscouse principalmente xente máis nova.
- Invitouse a algunhas persoas dos campus periféricos porque non había representación dos mesmos nos apartados anteriores.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:10 horas do día 21 de xullo de 2004 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe